

# A ERA DOS DESCUBRIMENTOS (SÉCULOS XV E XVI)

## 1 - O mundo coñecido polos europeos:

- A comezos do s. XV os europeos só coñecían Europa, as beiras do Mediterráneo e Oriente Próximo.
- Coñecían a existencia de China e India polos seus produtos.
- África era un continente misterioso do que se obtiña marfil, ouro e escravos.
- De América e Oceanía nin sequera coñecíase a súa existencia.
- O Atlántico era un océano do que se contaban perigos e monstros imaxinarios.

## 2 - Causas dos descubrimentos

- No século XV, Europa lanzouse a explorar novos territorios.
- 1ª causa: a caída de Constantinopla (1453) que deixara a ruta das especias en mans dos musulmáns. A busca de especias (que podían aumentar 60 veces o seu valor tras a viaxe) fará que se abran novas rutas comerciais.
- 2ª causa: aparición de innovacións técnicas que facilitaron a navegación:
  - Novos mapas (portulanos)
  - Novos instrumentos (compás, astrolabio, sextante..que permitían ós barcos orientarse.
- 3ª causa: novos tipos de barcos máis apropiados para a navegación no Atlántico:
  - A carabela e a nave

## 3 - As exploracións portuguesas:

- Os portugueses, ao non poder expandirse en Europa, optaron por explorar os mares.
- Os reis lusos interesáronse pola ruta cara ás Indias (especialmente, o infante Henrique o Navegante)
  - Bartolomé Díaz dobrou o cabo de Boa Esperanza no extremo sur de África.
  - Vasco de Gama chegou á India.
- Os portugueses descubriron os ventos do Oeste de latitudes temperadas (que se complementan cos ventos do leste, alisios, en latitudes subtropicais. Colléndoo ben as viaxes eran máis curtas)

## 4 - As exploracións da coroa de Castela:

- A rivalidade con Portugal fomentou a exploración marítima.

- En 1.492 Cristóbal Colón presentou ós Reis Católicos un proxecto para Chegar ás Indias Orientais por unha ruta diferente: navegando cara o Oeste.
- Despois de convencer á raíña, iniciou a súa viaxe e chegou á América en outubro dese mesmo ano.
- Colón fixo 4 viaxes:
  - 1º. Descubriu América
  - 2º. Descubriu Porto Rico e Jamaica.
  - 3º. Explorou Panamá.
  - 4º. Descubriu o Orinoco.

## **5 - América precolombina:**

### **5.1 - Os aztecas:**

- Vivían no actual país de México ó norte dos maias.
- Eran un pobo guerreiro.
- O emperador exercía o poder absoluto.
- A sociedade estaba dividida en tribos que a súa vez se dividían en grupos: nobreza, comerciantes, campesiños, artesáns, e escravos.
- Esixían impostos e vítimas para os seus sacrificios aos pobos de arredor .
- Tiñan grandes cidades como Tenochtitlán, construída sobre un lago.
- Vivían da agricultura pero tamén destacaron na fabricación da cerámica e de ourivería de ouro e prata.
- Utilizaban os grans de cacao como moeda.
- O seu deus principal era o deus Sol ó que ofrecían sacrificios humanos.
- O odio que despertaban nos pobos veciños facilitou a súa conquista polos españois.
- Construíron cidades amuralladas, palacios e templos, moitos deles en forma de pirámide.

### **5.2 - Os maias :**

- Poboaban a península do Yucatán (territorios que actualmente forman parte do sur de México), e os países de Guatemala, O Salvador, Honduras e Nicaragua.
- Politicamente organizábanse Cidades - Estado independentes:
  - Mantiñan un activo comercio entre elas.
  - Estaban gobernadas por un xefe supremo.
  - A sociedade das cidades estaba dividida en nobres, sacerdotes, artesáns, campesiños e escravos que capturaban nas guerras.

- Vivían da agricultura do millo, cacao, algodón e tomate.
- Construíron grandes pirámides e templos ós seus deuses (politeístas).
- Coñecían a astronomía e as matemáticas.
- Facían sacrificios humanos.
- Cando chegaron os españois estaban en decadencia debido ás continuas guerras entre eles e á seca que arruinaba as súas colleitas.

### **5.3 - Os incas**

- Estaban asentados na cordilleira dos Andes, e crearon un imperio que abarcaba os países de Perú, Bolivia, Ecuador, Arxentina e Chile.
  - A máxima autoridade era o emperador, considerado o fillo do deus Sol.
  - Practicaban a agricultura (millo e pataca) e a gandaría (llamas e alpacas)
  - Construían grandes edificios a proba de terremotos.
  - Eran politeístas pero tiñan 2 deuses principais: Deus creador (Viracocha) e o deus do Sol (Inti)
    - Tiñan unha rede de estradas de 40.000 kms. que comunicaban todo o imperio.
    - A sociedade estaba formada polos nobres, o pobo (campesiños e artesáns), servos e escravos.
    - Construíron templos, palacios e fortalezas como Machu Pichu.
    - Estaban na cima da súa poder cando chegaron os españois.

## **6 - Os cambios económicos e sociais en Europa:**

- A poboación medrou porque mellorou a alimentación.
- Desenvolveuse a burguesía debido:
  - Ó aumento do comercio con Oriente e con América que impulsou a creación das Compañías Mercantís (asociacións de comerciantes que poñían o capital necesario e compartían tanto os beneficios como as perdas).
  - A que apareceron os grandes banqueiros que concedían créditos e garantían o valor dos cheques e as letras de cambio.
  - Aumentou a circulación de moedas de ouro e prata.
  - Medrou a produción de manufacturas.
  - Desenvolvéronse portos comerciais importantes como: Venecia, Lisboa, Londres ou Sevilla.
- O centro económico europeo desprazouse do mar Mediterráneo ó océano Atlántico.
  - En Europa occidental os servos pasaron a ser campesiños libres.